

TRANSCRIPCIÓN COMPLETA

DE LA SECCIÓN DEL PROGRAMA 402 "QUEN ANDA AÍ?" DE LA CRTVG DEL 20/12/21

DEDICADA A ESTA CUESTIÓN

"Nós tentamos entender a todos e tentamos darlles voz a todos, iso é o que tentamos aquí, como tamén temos que darlle voz, a continuación, a un tema un pouco complexo tamén porque na vacinación dos menores precísase a autorización dos dous pais, non? Isto é así, ¿non?" **[El presentador se dirige al juez Vázquez Taín) y éste le contesta] "Sí".**

E qué pasa cando un dos pais quere vacinar un neno ou nena e o outro no?. Non sei se está previsto ou só a autorización dos dous.

As vacinas en España non son obrigatorias. Non hai ningunha vacina, ningunha, ningunha que sexa obrigatoria. O que hai é que están recomendadas. Entón Sanidade pon as vacinas gratis, pon os hospitais para que vacines os teus rapaces cando vas levalos ás revisións e o que fan normalmente se os pais están de acordo, non hai ningunha discusión, vacínanse e xa está.

O que fan os xuíces de familia cando un dos dous non quere vacinar, non xa con relación á vacina do Covid, senón a moitas outras vacinas tamén e hai unha serie de campañas de se isto pode ser ou non pode ser, bo iso está máis que RESOLTO, no sentido de que os xuíces SEMPRE SON PARTIDARIOS de que os rapaces nestas vacinas que xa están comprobadas SEXA OBRIGATORIO.

E vou poñer un exemplo máis: houbo unha epidemia de meninxite, nun colexio de Córdoba había pais que, claro, foron correndo para que se vacinaran os rapaces porque eran CONSCIENTES e outros pais que estaban en contra; incluso estando os dous pais en contra, os xuíces determinaron que todos os rapaces se vacinaran incluso cos pais en contra.

Non é obrigatorio vacinarse, pero se querías entrar no colexio, había que facelo.

Sí, porque había unha epidemia e se non o facías podía ser perigoso.

Agora hai bastante epidemia tamén.

Neste caso, en concreto, empezáronse a plantexar as cousas alá por xuño, cando empezaron as vacinas dos rapaces de 12 a 14 anos. O que pasa é que en xuño, xullo e agosto colleu os pais medio de vacacións e os xulgados de familia tamén no período ese de agosto e foi en setembro cando se empezaron a plantexar estas demandas.

HAI UNIDADE EN TODA ESPAÑA, salvo alguna cousa que non estou certo de se é certa ou non, mandárome o outro día un enlace, pero non o puiden abrir, pero a meirande parte de todos os xuíces que coñezo son partidarios, con que un só deles esté de acordó, HAI QUE VACINAR.

PRESENTADOR: pois quen de seguro estivo MOI ATENTO A ESTA RESPONSTA DO XUÍZ foi Manuel Ángel, un pai que quere que se lle permita completar a pauta de vacinación completa, quen se opón é a súa ex parella, e nese brete está agora mesmo.

ENTREVISTA CON MANUEL ÁNGEL: ¿ti queres que vacinen o teu pequeno e a túa ex parella, a nai do pequeno non quere, non?

PAI: Exactamente. Xa se lle puxo a primeira dose e falta a segunda.

PRESENTADOR: Pero na primeira dose si que tivo que autorizar a súa nai tamén?

PAI: Non, non, no no no, eu levei o neno, a verdade é que o levei o neno a vacinar porque ela non me avisou de que o neno tíñase que vacinar e foron os compañeiros do meu fillo os que avisaron ó meu fillo de que eles xa se estaban vacinando e meu fillo me comentou “papá, os meus compañeiros se están vacinando e eu non me estou vacinando”. Entón eu chamei ao centro de de saúde e claro avisaron á nai e a min non me avisaron.

PRESENTADOR: ¿pero ti puidiches vacinalo da primeira doses sen a autorización da nai?.

PAI: Si, Si ,Si.

PRESENTADOR: ¿e cómo pode ser?

Silencio del padre y de su abogado.

TAÍN: A ver, iso é moi SINXELO. Os colexios e os centros de saúde non son para executar sentenza, iso está para outra cousa. Entón, con tal de que un adulto que sexa titor ou gardador legal do rapaz chegue e autorice basta. O que non vai facer é un interrogatorio: mira, ti estás separado ou divorciado, estades os dous de acordo, etc?. É dicir,, o médico que estaba alí comprobou que o rapaz estaba citado para a vacina, que o que o viña acompañando era un dos pais

PRESENTADOR: ¿Iso foi no colexio, a vacina? ¿ E SEN RECETA MÉDICA?

PAI: Non foi no colexio.

TAÍN: Galicia non vacina no colexio.

PRESENTADOR: Gustárame saber a opinión do rapaz, ten 13 anos, é un neno para algunhas cousas, pero tamén terá a súa opinión doutros asuntos como éste, non?

PAI: Si, o que pasa é que o él non quere... de feito, na primeira vacina aceptou vacinarse. Nesta segunda NON LLE PUXEN A VACINA porque aparte da oposición da nai, el dixo que non quería entrar en conflito cos seus pais. O cal me parece moi razoable, pero que se tiña que decidir un xuíz, pois que decida un xuíz. E foi o que fixen, presentei a conseguente solicitude a través do meu avogado, García Sobrado, que se está agora en antena vos pode confirmar e, a partir de aí, todo foron SORPRESAS, sorpresa en sorpresa. Creo que quen mellor o pode explicar é García Sobrado para facer ver o DESPROPÓSITO desta situación que non é normal, que eu non a entendo e que eu o único que quero é que se vacine o meu fillo porque é un tema de saúde pública, non só é un tema para protexer o neno, senón para protexer os nenos dos demáis, se pode agora, tal e como están sucedendo as cousas e os problemas que está habendo de contaxios entre os menores, tanto o meu fillo e os que poidan estar en contacto co meu fillo que estean seguros.

PRESENTADOR: Dá unha rabia isto. Nós tivemos a semana pasada a Juan Gestal, epidemiólogo, e dicía que case 6 millóns de nenos en Estados Unidos se vacinaran. Nós temos a sorte de ir detrás de Estados Unidos. 6 millóns de nenos en Estados Unidos SEN NINGÚN CASO ADVERSO OU GRAVE e dá unha pena... Temos en liña o avogado.

Diciános Manuel que despois de facer a solicitude se encontrou de sorpresa en sorpresa. A que sorpresa se refire?

ABOGADO: En primeiro lugar, quería facer unha aclaración do que dixo o xuíz Vázquez Taín, este tema está clarificado dende fai 9 anos a través da Circular 1/2012 da Fiscalía Xeral do Tribunal Supremo[**ERROR: es la Fiscalía General del Estado**] sobre o tratamento substantivo e procesal dos conflitos ante transfusións de sangue e outras intervencións médicas sobre menores de idade en caso de risco grave. Aí detállase todo o que hai que facer. Non é exclusivamente competencia dos xulgados de familia, esta Circular remítenos tamén, e ademais tamén así está establecido na Lei, que pode ser o xulgado de familia ou calquera procedemento ou xulgado, incluso no mes de agosto, evidentemente, o xulgado de garda.

Dito isto, cal é o quid desta cuestión? O quid desta cuestión é que hai unha negativa da nai que é unha EVIDENTE NEGACIONISTA do sistema de vacinacións. Oponse dicindo que sente IMANTACIÓN en todo o seu corpo e que, ademais, cita a un coñecido MÉDICO NEGACIONISTA para fundamentar a súa negativa.

PRESENTADOR: Perdoa, perdoa, a ver se te entendemos ben, ela alega que o neno sofre como imantacións no corpo pola vacina?

ABOGADO: Despois de que se lle subministrou a primeira dose da vacina sofre imantación ao longo do seu corpo.

PRESENTADOR: Bueno...

ABOGADO: Isto non precisa de maior comentario porque se entende por si mesmo o que se está a dicir e o que se pode comprender...Vamos ao quid da cuestión, que é que nese momento preséntase unha solicitude á xuíza de familia que decide nin intervir directamente a través do artigo 158, que é un procedemento cando os rapaces se encontran en risco ou haxa un perigo grave para eles. Di que é un tema de discrepancia entre os pais. Para non perder o tempo plantéxase por esa vía de discrepancia no exercicio da patria potestade e que sucede?, sucede que a xuíza pide un informe ao Sergas e pide outro informe ó Imelga. Obviamente, os informes son duplicados. No informe do médico forense é contundente e, ademais, ven perfectamente documentado e di que, dada a situación na que se encontra o neno, os contactos que ten, supón un maior risco de contraer a enfermidade o neno e, ademais, engade, de actuar, por outro lado, como transmisor da enfermidade a personas máis vulnerables con risco alto de enfermidade e morte por covid. Este é o informe do médico forense que ten a xuíza.

[NOTA: mientras el abogado habla se puso en pantalla un texto escrito por el padre del menor con el siguiente contenido:]

“A miña exparella pode ser NEGACIONISTA, pero non consinto que xogue coa saúde do meu fillo”.

Ángel, de Ourense, pide á Xustiza que lle permita completar a pauta do neno, de 13 anos.

A nai non quere porque “se lle pegaban imáns ó peito”.

PRESENTADOR: E aí que di a xuíza?

TAÍN: Ten que darlle traslado á outra parte, vai por pasos.

ABOGADO: Dálle traslado á nai e a nai...

PRESENTADOR: Se nos podes resumir como acaba todo isto.

ABOGADO: Si, resumindo, vou ser moi breve. A nai pide que se libre oficio ao Ministerio de Sanidade para que aporte un informe de se o virus foi illado e á Axencia Española do Medicamento de se as substancias que se están inoculando aos menores de 18 anos contan con autorización para a vacinación e, do mesmo xeito, que se aporte por Pfizer, Astra Zéneca e Moderna un certificado de características e autorización de comercialización do medicamento denominado vacina Covid.

PRESENTADOR: Grazas por explicar todos os pormenores, pero o que lle quería preguntar ao xuíz, se lle entendín ben esta explicación, houbo un técnico, un empregado público do Sergas que tivo que facer un informe dun rapaz ao que se pegaran os imáns da neveira cando pasaba ó lado dela?????. Pregunto a conta de todo isto.

RISAS....

JUEZ: Non, a min non me soa nada diso...

ABOGADO: Iso é o que se denomina "anamnese" dende o punto de vista clínico. É o que refire a nai cando con neno ao médico.

JUEZ: Claro...

PRESENTADOR: Pero o tema da imantación...

JUEZ: Home, non se puido comprobar. Tanto o que di o Sergas como o que di o forense neste caso era que a vacina non só é pertinente, senón que a proporción entre risco e protección é valorable. O que ocorre, o que está contando o avogado é que a xuíza non se fiou disto e pediu unha serie de informes aos fabricantes para que lle acrediten, non só non se fía do forense, senón que quere que lle acrediten a ela cales son as características das vacinas.

PRESENTADOR: A min pareceríame importante preguntarlle ao pai, Manuel Ángel, canto tempo falta para recibir a segunda dose?. Digo por se nestes trámites xudiciais se nos van pasar as semanas.

PAI: O neno vacínouse o 11 de setembro, é dicir, dende o 11 de setembro, que estaba de vacacións comigo ata que marchou coa nai, polo cambio de turno, porque temos custodia compartida, era o 15/16 de setembro. Neses días o neno, só o primeiro día, púxoselle un pouquiño vermello o brazo e tíñase que vacinar o 2 de outubro, estamos a 2 de decembro. Eu o que non sei é se o meu fillo cando se vaia vacinar, terá que repetir as dúas doses. Ou sexa, non entendo nada. É o que falamos, hai un informe do Imelga contundente, qué é o que pide a xuíza para saber se realmente débese proceder a vacinación do meu fillo e resulta que o informe do médico forense do Imelga é contundente dicindo que si...

PRESENTADOR: Aí queremos ir, se é contundente, a saúde do rapaz debe estar por encima de todo.

JUEZ: Neste caso temos o virólogo que nos vai ensinar mellor que nós. Eu o que teño como xuíz son AUXILIARES e os auxiliares que temos da medicina son o Imelga, o Instituto de Medicina Legal de Galicia. Entón, se o Imelga, que é o teu auxiliar sabe de medicina e di que as cousas son así, branco e en botella...

PRESENTADOR: Pois xa está.

JUEZ: O que me parece é intentar ser máis médico que os propios médicos é dicir, non, non, eu quero que me manden os informes directamente da OMS e das fabricantes que eu vou analizar iso como se entendera de todo isto.

Entonces, bueno sí....

Simplemente, me parece que o informe do Imelga estaba aí e o que pode dicir a xuíza é branco ou negro e despois recorrer. Se ela non está de acordo que diga que non, que non se vacine e que lle o dereito aos pais de poder ir a unha instancia superior que revisen esa decisión, pero non telo parado aí durante 3 meses.

PRESENTADOR: Claro.

Vamos saudar a Juan Gestal. Falámolo o último día que estiveches aquí, Juan, que podían pasar estas cousas cando, en principio, non ten ningún sentido polo que acabo de dicir do que pasa en Estados Unidos, case 6 millóns de nenos vacinados e ningún caso grave adverso e en Europa igual. Segue chamando a atención isto, Juan.

EPIDEMIÓLOGO: Sí, bueno, este tipo de cousas pasan. As parellas están separadas e ás veces a relación non é boa, hai disparidades de criterio como parece que hai neste caso. Unha nai que é ANTIVACINAS e un pai que SE COMPORTA COMO É DE ESPERAR, QUE SE COMPORTA COMO SE COMPORTAN OS PAIS, que quere vacinar ó seu fillo e bueno, este tema xudicialízase e están dando voltas, pero eu estaba escoitando o avogado e a maioría desas cousas que pide pois son FÁCILES DE APORTAR porque, por exemplo, ese certificado das características da vacina é a ficha técnica da vacina. Todo iso é fácil de aportar, pero bueno, non sei...

JUEZ: Pero, sabes cál é o problema?, o problema é que en xustiza dende que acordas pedilo ata que que te resposten pasan meses, entendes?, porque isto non vai por Internet, nós vamos por correo ordinario. Entón, que tes pendente unha resolución enriba da mesa pendente de resolver e iso é o que non me parece...

PRESENTADOR: Juan, o que máis importa é que ese cativo estea sen vacinarse semanas e semanas e incluso meses cando xa tiña que recibir a segunda dose en outubro, non sei o prazo que terá a xustiza para isto. Cómo se actuaría agora, tería que poñer unha 1ª dose e logo unha 2ª, unha 2ª de reforzo valería, Juan?

EPIDEMIÓLOGO: Non, ese non é o problema, o problema está en que durante todo este tempo segue exposto, pero non hai problema por retrasar a aplicación da 2ª dose no sentido de que non é necesario volver a empezar a vacinación e incluso, ás veces, retrasando a 2ª dose a resposta inmune é máis intensa.

PRESENTADOR: Manuel, ti tes conversacións coa nai do rapaz?

PAI: Non, sobre este tema non porque, obviamente, unha vez que presenta ese tipo de escritos creo que hai pouco que falar.

PRESENTADOR: Si.

PAI: É dicir, as cousas téñense que basear nunha CORDURA NORMAL e baseado nos intereses do noso fillo. Isto non é unha discrepancia que eu teña coa miña ex muller por unha cuestión de se ten que ir ao fútbol ou a inglés, estamos falando dunha cuestión de saúde, de protexer o noso fillo e contra iso pouco teño que falar e hai que ir un pouco máis alá...tal e como se está recrudecendo a situación e están a pedir o pasaporte covid en todos os lugares, o meu fillo, a

súa vida social VAI ESTAR TRUNCADA porque o meu fillo se quere ir ao cine, non vai poder ir ao cine cos seus amigos... non vai poder facer unha vida normal social.

PRESENTADOR: O neno puxo as outras vacinas que se foron tocando?

PAI: Sí, sí. O 90 % das veces fun eu co meu fillo e se houberse alguna sintomatoloxía que lle puidese provocar algo, o levaría á súa pediatra ao día seguinte, pero estivo perfectamente, non tivo nada absolutamente, nada máis que unha reacción normal como calquera outra vacina que lle puxeron de máis neno. Entón non entendo isto.

PRESENTADOR: Entendémoste perfectamente. Dámosche as grazas por entrar e contarnos o tema, que seguramente isto non é un caso único, por desgraza non.

[NOTA: se pone en pantalla “A vacina, a única arma que temos para loita contra a Covid”.]